



FORMACIÓN DO PLURAL

SUBSTANTIVOS
ADJECTIVOS

O NÚMERO É UNHA CATEGORÍA GRAMATICAL QUE INDICA OPOSICIÓN SINGULAR (UNHA UNIDADE)/PLURAL (MÁIS DE UNHA UNIDADE)

❖ Hai substantivos que só se empregan en plural (**pluralia tantum**): as nupcias, os víveres, as cóxegas...

❖ Nalgúns casos, a oposición de número leva consigo unha oposición de significado: **miolo** (parte interna do pan, miga) / **miolos** (masa encefálica).



Regras de formación do plural nos substantivos e nos adxectivos

ACABADAS EN VOGAL, DITONGO OU VOGAL + -N	engaden -s	somalí/somalís; caixa/caixas lei/leis; dolmen/dolmens feixón/feixóns; spray/sprays
ACABADAS EN -R E EN -Z	engaden -es	mar/mares; fémur/fémures raíz/raíces; palier/palieres (tamén: póster/pósters)
AGUDAS REMATADAS EN -S	engaden -es	compás/compases deus/deuses
GRAVES E ESDRÚXULAS ACABADAS EN -S; AGUDAS ACABADAS EN -NS	permanecen invariables	o lapis/os lapis o mércores/os mércores o luns/os luns
ACABADAS EN -X [ks]	permanecen invariables	o tórax/os tórax; o fax/os fax

Regras de formación do plural nos substantivos e nos adxectivos

GRAVES ACABADAS EN –L ; MONOSILABOS EN –L	engaden -es	col/coles; túnel/túneles débil/débiles; réptil/réptiles
	agás as acabadas en -bel cambian o -l por -is	amábel/amábeis agradábel/agradábeis
POLISÍLABAS AGUDAS ACABADAS EN –L	cambian o -l por -is	caracol/caracois; funil/funís azul/azuis; aval/avais cadril/cadrís; fiel/fieis
ACABADAS NOUTRAS CONSOANTES	engaden -s	robot/robots; club/clubs réquiem/réquiem

Plural das palabras compostas

COMPOSTOS SOLDADOS NUNHA ÚNICA PALABRA	forman o plural sobre o último elemento	viandante/viandantes sapoconcho/sapoconchos gardameta/gardametas
	se o 2º elemento é un monosílabo acabado en -l → plural en -es	parasol/parasoles; ollomol/ollomoles chuchamel/chuchameles
	2º elemento en plural → invariables	o lanzachamas/os lanzachamas o gardacostas/os gardacostas
COMPOSTOS QUE SE ESCRIBEN SEPARADOS	substantivo+adxectivo plural nos dous	garda civil/gardas civís porco bravo/porcos bravos
	substantivo+substantivo plural no 1º elemento	sofá cama/sofás cama camión cisterna/camións cisterna
	substantivo+preposición +substantivo plural no 1º elemento	cabalo do demo/cabalos do demo cadela de frade/cadelas de frade pita do monte/pitas do monte